



LÍDERES DE FUTURO

PROGRAMA DE LIDERADO
E INNOVACIÓN SOCIAL

3ª EDICIÓN

RESPECTO
COLABORACIÓN

LIDERADO

RESPONSABILIDADE

ACTITUDE

FERRAMENTAS

RESULTADOS
EXPERIENCIA

COMPETENCIA

MOTIVACIÓN

OBJECTIVOS



A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social convoca a terceira edición de Líderes de futuro, un programa de liderado en innovación social que ten como obxectivo desenvolver as competencias clave dos mozos e mozas participantes, así como facilitarlles as ferramentas conceptuais e prácticas necesarias, que lles permitan enforntase con éxito no futuro a os seus propio proxectos innovadores nos ámbitos profesional, académico ou social.

Así mesmo, esta actividade formativa pretende facilitar o contacto entre mozos e mozas líderes na nosa comunidade autónoma, constituíndo unha rede que favoreza a colaboración en proxectos de impacto social positivo entre entidades xuvenís e de acción voluntaria e mozos e mozas a título individual.

DESTINATARIOS/AS

Mozos e mozas residentes en Galicia con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos no momento de realizar a inscrición no programa.

50
PRAZAS

OBXETIVOS DO PROGRAMA

1

Desenvolver as competencias clave dos mozos e mozas participantes, facilitando as ferramentas conceptuais e practicas necesarias para enfrontarse con éxito a proxectos innovadores nos ámbitos profesional, académico e social.

2

Construir unha rede que favoreza a colaboración en proxectos de impacto social positivo entre entidades xuvenís e de acción voluntaria e mozos e mozas a título individual.

METODOLOXÍA & CONTIDOS

O programa terá un enfoque basicamente práctico, no que se aprende máis que mediante formulas tradicionais de transmisión de coñecemento, a través da análise de realidades concretas. Por iso, instrumentos como os estudos de caso, as simulacións, o traballo en grupo e as discusións abertas, ocuparán a maior parte do tempo.

Tendo en conta as dificultades que habitualmente supón a participación en actividades de formación extracurricular para os mozos e mozas, ao esixirlles afastarse das súas rutinas académicas, laboráis ou de lecer, óptase por un formato áxil que comprende catro sesións intensivas de tres días de duración cada unha (unha sesión por módulo).

Palalelamente a estas sesións intensivas poderanse realizar actividades complementarias que fortalezan os contidos de cada un dos módulos: titorías/ visitas a empresas, entidades sociais e institucións públicas/ participación en programas de mobilidade europea/ encontros con personalidades relevantes do ámbito político, económico ou social.

Módulo 1: PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO XUVENIL.
(6, 7 e 8 de abril)

Módulo 2: EMPRENDEMETO E NOVOS MODELOS DE NEGOCIO.
(4, 5 e 6 de maio)

Módulo 3: INNOVACIÓN E EMPRENDEMENTO SOCIAL.
(8, 9 e 10 de xuño)

Módulo 4: LIDERADO: CARÁCTERISTICAS E COMPETENCIAS.
(7, 8 e 9 de setembro)



LUGAR E DATAS DE CELEBRACIÓN

ALBERGUE XUVENIL DE GANDARIO.
Cornida, 20 15167 Bergondo (A Coruña)

6, 7 e 8 de ABRIL, 4, 5 e 6 de MAIO, 8, 9 e 10 XUÑO e 7, 8 e 9 de SEPTEMBRO.

De venres ás 18:00 horas ao domingo ás 17:00 horas..

RESPECTO
COLABORACIÓN
LÍDERES DE FUTURO
LIDERADO
RESPONSABILIDADE

ACTITUDE
FERRAMENTAS
RESULTADOS
EXPERIENCIA
COMPETENCIA
MOTIVACIÓN
OBXECTIVOS

PRAZO E FORMA PARA PRESENTAR A TÚA SOLICITUDE

Do 10 ó 31 de MARZO de 2018, a través do formulario electrónico á disposición dos/as interesados/as no portal web da Dirección Xeral de Xuventude Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia:

WWW.XUVENTUDE.XUNTA.ES

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As prazas cubriranse por rigoroso orde de inscrición, ata cubrir a súa totalidade. Os/as seleccionados/as recibirán un correo electrónico de confirmación da súa praza

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, de non recibir comunicación antes do día 2 de ABRIL ás 15:00 horas entenderase que non obtivo praza.



COBERTURA

A actividade inclúe manutención e aloxamento en habitación de uso múltiple. O/a participante deberá achegar os tótiles de aseo persoal e unha toalla.

O transporte ata o lugar de realización da actividade correrá a cargo do/a interesado/a.



galicia

